

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Asociación Galega de familias de acollida (ACOUGO)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Asociación Galega de familias de acollida (ACOUGO) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata finais do curso académico 2028-2029, isto é o día 31 de agosto de 2029, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Galega de familias de acollida (ACOUGO) nas accións dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais ou de historia escolar.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que ACOUGO é unha entidade, sen ánimo de lucro de ámbito autonómico, constituída por familias en 2020 para defender os dereitos dos menores no sistema de protección, procurando visibilizar e fortalecer o acollemento familiar en Galicia, que ten entre os seus principais fins os seguintes:



- a) Protexer á infancia en Galicia.
- b) Representar ás familias acolledoras, tanto familia extensa como familias alleas.
- c) Fomentar ou acollemento familiar en Galicia.
- d) Axudar ás familias acolledoras , nenos/as e mozos/as acollidos/as, non seu proceso de acollemento.
- e) Xerar espazos de encontro e de compartir experiencias para as familias acolledoras.
- f) Divulgar e sensibilizar á poboación en materia de medidas de protección de menores.
- g) Formar e facilitar a formación regrada ou non, para as familias acolledoras, e menores ou mozos/mozas acollidos /as, tanto en familias como en centros residenciais.
- h) Promover a formación específica para profesionais: dous servizos sociais das Administracións; Autonómica, Provinciais, locais , así como outros axentes involucrados na intervención con menores , familias biolóxicas , acolledoras, etc.
- i) Promover ou autoemprego, procura de emprego activa e específica para mozos e mozas que estiveron, ou están non sistema de protección. E /ou familias biolóxicas.
- j) Xerar e potenciar a utilización de espazos comúns de lecer/aprendizaxe coas familias de orixe e biolóxicas, nos casos nos que sexa recomendable.
- k) Articular e propor redes e infraestruturas externas adicadas a facilitar ou



desenvolvemento das visitas e relacións coas familias de orixe.

l) Promover a conciliación do ámbito familiar coa vida profesional e a participación social e política, de forma que se alcance unha verdadeira igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.

m) Investigar e colaborar coa investigación desde a perspectiva de xénero, con relación á situación actual das persoas menores , e mozos/mozas que están ou estiveron non sistema de protección en Galicia, ou se é ou caso, en España.

n) Participar , e traballar coa Administración para procurar novos modelos que unifiquen criterios , en materia de acollemento, nas catro provincias Galegas.

ñ) Publicar e facilitar documentación e resultados de interese a outras Administracións, Autonómicas, Provinciais ou locais.

o) Promover unha conciencia social positiva e de respecto ao dereito fundamental das persoas menores de idade a crecer en familia.

p) Acadar ou Interese Superior das persoas menores de idade, sempre.

q) Fomentar e facilitar a reciclaxe e reutilización de materiais de puericultura, roupa, material escolar, etc.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais ou de historia escolar, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

